



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 460

VIII lexislatura

29 de abril de 2011

Fascículo 3

SUMARIO

(Versión electrónica en www.parlamentodegalicia.es)

3. Procedementos de control e impulso

3.5. Mocións

Resolución da Presidencia do Parlamento, do 29 de abril de 2011, pola que se admiten a trámite as mocións con número de rexistro de entrada 64416, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, 64467 e 64477, do G.P. dos Socialistas de Galicia, subseguintes ás interpelacións debatidas na sesión plenaria do día 26 de abril de 2011.

- Doc. núm. 64416 (08/MOC-0108)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bouza Santiago, Ana Luisa

Sobre a elaboración e presentación polo Goberno galego no Parlamento de Galicia dun plan de actuacións urxentes en Atención primaria para os anos 2011 e 2012. (Moción, a consecuencia da Interpelación núm. 56989, publicada no BOPG núm. 396, do 26.01.2011, e debatida na sesión plenaria do 26.04.2011) congruente coa Interpelación 08/INT-0645 (56989) [140991](#)

- Doc. núm. 64467 (08/MOC-0109)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Acuña do Campo, María Carmen

Sobre a renuncia polo Goberno galego, de xeito definitivo, á aplicación da formula PFI, ou iniciativa de financiamento privado, para a construción das novas infraestruturas comprometidas no Plan estratéxico do Sergas 2014. (Moción, a consecuencia da interpelación núm. 12076, publicada no BOPG núm. 108, do 04.11.2009, e debatida na sesión plenaria do 26.04.2011) congruente coa Interpelación 08/INT-0178 (12076) [140994](#)

- Doc. núm. 64477 (08/MOC-0110)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Sestayo Doce, Beatriz

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co emprego vinculado á programas e infraestruturas sociais e a elaboración dunha oferta pública de emprego específica. (Moción, a consecuencia da Interpelación núm. 63244, publicada no

SUMARIO

BOPG núm. 445, do 06.04.2011, e debatida na sesión plenaria do
26.04.2011) congruente coa Interpelación 08/INT-0783 (63244)

[140996](#)

3. Procedementos de control e impulso

3.5. Mocións

Resolución da Presidencia do Parlamento, do 29 de abril de 2011, pola que se admiten a trámite as mocións con número de rexistro de entrada 64416, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, 64467 e 64477, do G.P. dos Socialistas de Galicia, subseguintes ás interpelacións debatidas na sesión plenaria do día 26 de abril de 2011.

Examínanse os documentos co número de rexistro de entrada núms. 64416, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego; 64467 e 64477, presentados polo G.P. dos Socialistas de Galicia, que conteñen as mocións subseguintes as interpelacións debatidas na sesión plenaria do día 26 de abril de 2011.

-08/INT-0645 (56989)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bouza Santiago, Ana Luísa

Sobre o incremento nos centros de saúde da carteira de servizos, do equipamento tecnolóxico para novas probas diagnósticas e dos protocolos de acceso a estas nos anos 2010 e 2011, as previsións en relación coa integración funcional en atención primaria e a escaseza de pediatras nela.

08/INT-0178 (12076)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pose Mesura, Modesto, e 3 deputados máis

Sobre os elementos económicos e/ou asistenciais que levan á Consellería de Sanidade a propoñer a construción de hospitais e centros de saúde cunha concesión administrativa ás empresas construtoras.

08/INT-0783 (63244)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Sestayo Doce, Beatriz, e 3 deputados máis

Sobre os nove mil cincocentos postos de traballo creados en Galicia no ano 2010, vinculados a programas e infraestruturas sociais, en cumprimento dos compromisos electorais do Goberno galego

En virtude da delegación temporal de competencias de xestión ordinaria da Mesa do Parlamento na Presidencia da Cámara (Acordo da Mesa do Parlamento do 13 de xullo de 2009, publicado no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*

núm. 48, do 13 de xullo de 2009), adóptase o seguinte acordo:

1.º) Admitir a trámite e cualificar como mocións os seguintes documentos:

- Doc. núm. 64416 (08/MOC-0108)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bouza Santiago, Ana Luísa

Sobre a elaboración e presentación polo Goberno galego no Parlamento de Galicia dun plan de actuacións urxentes en Atención primaria para os anos 2011 e 2012. (Moción, a consecuencia da Interpelación núm. 56989, publicada no BOPG núm. 396, do 26.01.2011, e debatida na sesión plenaria do 26.04.2011) congruente coa Interpelación 08/INT-0645 (56989)

- Doc. núm. 64467 (08/MOC-0109)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Acuña do Campo, María Carmen

Sobre a renuncia polo Goberno galego, de xeito definitivo, á aplicación da formula PFI, ou iniciativa de financiamento privado, para a construción das novas infraestruturas comprometidas no Plan estratéxico do Sergas 2014. (Moción, a consecuencia da interpelación núm. 12076, publicada no BOPG núm. 108, do 04.11.2009, e debatida na sesión plenaria do 26.04.2011) congruente coa Interpelación 08/INT-0178 (12076)

- Doc. núm. 64477 (08/MOC-0110)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Sestayo Doce, Beatriz

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia en relación co emprego vinculado á programas e infraestruturas sociais e a elaboración dunha oferta pública de emprego específica. (Moción, a consecuencia da Interpelación núm. 63244, publicada no BOPG núm. 445, do 06.04.2011, e debatida na sesión plenaria do 26.04.2011) congruente coa Interpelación 08/INT-0783 (63244)

2.º) Incorporar estas mocións, en cumprimento do acordado na reunión da Xunta de Portavoces do día 27 de abril de 2011, á orde do día da sesión plenaria prevista para o día 3 de maio de 2011.

3.º) Dar conta deste acordo á Mesa do Parlamento na reunión prevista para o día 2 de maio de 2011.

4.º) Notificar este acordo ás deputadas e aos deputados e ordenar a súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*

Santiago de Compostela, 29 de abril de 2011

Pilar Rojo Noguera
Presidenta



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/04/2011 13:59
Nº Rexistro: 64416
Data envío: 28/04/2011 13:59:23.383

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da súa deputada **Ana Luisa Bouza Santiago**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para substanciar a Interpelación **número 56989**, sobre o incremento nos centros de saúde da carteira de servizos, do equipamento tecnolóxico para novas probas diagnósticas e dos protocolos de acceso a estas nos anos 2010 e 2011, as previsións en relación coa integración funcional en atención primaria e a escaseza de pediatras nela. (08/INT-0645).

MOCIÓN

O Parlamento galego insta ao Goberno galego a:

Definir e presentar no Parlamento galego, e no actual período de sesións, un Plan de actuacións urxentes na Atención primaria para os anos 2011-2012 que conte, como mínimo, coas seguintes medidas:

- 1) Contratación de pediatras en número suficiente para garantir a cobertura do servizo de pediatría en todos os centros de saúde de maneira adecuada.
- 2) Contratación de matronas en número suficiente para garantir a presenza dunha matrona en cada centro de saúde.
- 3) Garantir os fondos precisos para cubrir as baixas e vacacións nos centros de saúde



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/04/2011 13:59
Nº Rexistro: 64416
Data envío: 28/04/2011 13:59:23.383

mediante listas de contratación, intersubstitucións e substitucións para evitar as listas de espera en primaria.

4) Implantar o sistema definitivo de e-receita de xeito inmediato naqueles centros onde seguen co sistema intermedio resolvendo os problemas dos doentes crónicos nos prazos de retirada da medicación das oficinas de farmacia

5) Homoxeneizar a posibilidade de solicitude de probas diagnósticas para todo o persoal facultativo de atención primaria

6) Comprometer un cronograma de mellora de equipamento dos centros de saúde no rural que permita unha ampliación de servizos para superar as discriminacións no acceso á saúde que vive o rural galego

7) Revisar a distribución das especialidades do MIR, no referido ás competencias do Goberno galego, para adecualas ás necesidades da sanidade galega.

Santiago de Compostela, 28 de abril de 2011.

Asdo.: Ana Luisa Bouza Santiago

Deputada do G.P. do BNG.

Carlos Aymerich Cano

Portavoz do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:



OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545

Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421

gp-bng@parlamentodegalicia.es

15702 Santiago de Compostela

Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/04/2011 13:59
Nº Rexistro: 64416
Data envío: 28/04/2011 13:59:23.383

Ana Luisa Bouza Santiago na data 28/04/2011 13:56:29

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 28/04/2011 13:56:36



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada **Carmen Acuña do Campo**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Moción** para substanciar a Interpelación debatida na sesión plenaria celebrada o día 26 de abril de 2011, sobre os elementos económicos e/ou asistenciais que levan á Consellería de Sanidade a propoñer a construción de hospitais e centros de saúde cunha concesión administrativa ás empresas construtoras (08/INT-0178, doc. núm. 12076)

Dado que na Interpelación se puxo de manifesto que de aplicar a fórmula PFI á construción de infraestruturas comprometidas no Plan Estratéxico do Sergas poríase en grave perigo á sostenibilidade do noso sistema sanitario.

Que se tratan de inversións perfectamente asumibles con orzamento enteiramente público. E que ademais o compromiso do Goberno galego debe ser o de garantir a sostenibilidade do sistema público de saúde e a xestión eficaz e transparente.

Moción


O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a renunciar definitivamente a aplicación da fórmula PFI á construción das novas infraestruturas comprometidas no Plan Estratéxico do Sergas 2014 demostrando con esta medida o compromiso do Goberno do Partido Popular na Xunta de Galicia coa sostenibilidade coa transparencia e coa eficacia na xestión do sistema sanitario público galego.

Pazo do Parlamento, 29 de abril de 2011

Asdo.: Carmen Acuña do Campo
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Abel Losada Alvarez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia



 Grupo Parlamentario

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Acuña do Campo na data 29/04/2011 11:33:53

Abel Fermín Losada Álvarez na data 29/04/2011 11:33:57

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada, **Beatriz Sestayo Doce**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara presenta ante esa Mesa a seguinte **moción** para substanciar a Interpelación debatida na sesión plenaria do día 26 de abril de 2011, sobre os nove mil cincocentos postos de traballo creados en Galicia no ano 2010, vinculados a programas e infraestruturas sociais, en cumprimento dos compromisos electorais do Goberno galego.

Moción


O Parlamento de Galicia insta ao goberno galego a:

1.º) Publicar trimestralmente na páxina web da Xunta de Galicia a evolución do emprego derivado de infraestruturas e programas sociais, cos seguintes datos :

- a) Programas públicos sociais nos que se crean o destrúen eses postos de traballo.
- b) Administracións públicas contratantes.
- c) A que categorías profesionais se corresponden eses postos de traballo.
- c) Estado trimestral desas relacións contractuais.
- d) A que relación contractual obedecen eses postos de traballo e por canto tempo foron asinados.

2.º) Elaborar unha Oferta Pública de Emprego a fin de cubrir con prazas públicas as infraestruturas sociais dependentes da Xunta de Galicia e do Consorcio Galego dos Servizos de Igualdade e Benestar



 Grupo Parlamentario

3.º) Apoiar a través do financiamento autonómico os servizos sociais municipais que están a desenvolver competencias propias da Xunta de Galicia no eido social.

Pazo do Parlamento, 29 de abril de 2011

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Asdo: Beatriz Sestayo Doce
Deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo: Abel Losada Álvarez
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Beatriz Sestayo Doce na data 29/04/2011 11:47:43

Abel Fermín Losada Álvarez na data 29/04/2011 11:47:46



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727